

O obxecto da modificación dá cumprimento ao artigo 94 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, respecto dos fundamentos das modificacións do planeamento urbanístico.

De conformidade co sinalado no artigo 93.4º da Lei 9/2002, as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

Terminada a fase de elaboración da modificación puntual, e inmediatamente antes da súa aprobación inicial, o concello remitiu o expediente a informe preceptivo desta consellería, que foi emitido o día 8-6-2004, de conformidade co disposto no artigo 85.1º da Lei 9/2002.

O Pleno do Concello do 28-8-2004 acordou a aprobación inicial, publicada na prensa e no DOG de 7-9-2004, co resultado da fase de información pública que consta no expediente tramitado e aprobado provisionalmente polo Pleno do Concello o 18-2-2005.

Revisado o documento relativo á modificación puntual nº 2 do PXOM do concello de Tomiño, e analizados os aspectos sinalados no artigo 85.7º da Lei 9/2002 Loug, procede sinalar que, no que se refire ás competencias desta consellería, non se atopan impedimentos para a modificación que se pretende.

De conformidade co disposto no artigo 89.1º da Lei 9/2002, a competencia para a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal correspóndelle ao conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

En consecuencia, de conformidade co establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e cos informes xurídico e técnico do Servizo de Inspección Territorial de Pontevedra, e por proposta da Dirección Xeral de Urbanismo,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Aprobar definitivamente o proxecto de modificación puntual nº 2 do PXOM, do concello de Tomiño.

Artigo 2º

De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar a normativa e ordenanzas da modificación aprobada definitivamente no BOP.

Disposición derradeira

Contra esta orde cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e

46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2005.

Alberto Núñez Feijoo

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Corrección de erros.-Orde do 31 de maio de 2005 pola que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada polo persoal da Compañía de Radio Televisión de Galicia e as súas sociedades para os días 2 e 3 de xuño de 2005.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 104, do mércores 1 de xuño de 2005, cómpre realizar a seguinte corrección:

No anexo II, nos servizos mínimos durante o día 3 de xuño da *Televisión de Galicia, S.A.*, na páxina 4.950, no servizo de edición-realización, na segunda liña, onde di: «1 axudante de realización de 8.00 a 12.00 horas», debe dicir: «1 axudante de realización de 9.00 a 16.00 horas».

Na páxina 9.451, en planificación da produción, nos puntos 10 e 11, onde di: «1 operador de cámara de 15.00 a 22.00 horas. 2 operadores de cámara de 18.00 a 22.00 horas.»; debe dicir: «2 operadores de cámara de 15.00 a 22.00 horas. 1 operador de cámara de 18.00 a 22.00 horas.».

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 31 de maio de 2005 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais na Fundación Hospital Virxe da Xunqueira, durante a folga convocada pola asemblea de facultativos, para os días 7, 9 e 14 de xuño de 2005.

O artigo 28.2º da Constitución española reconece, como dereito fundamental da persoa, o dereito á folga.

O exercicio deste dereito na Administración e nas empresas, entidades e institucións públicas ou privadas, que presten servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade, no ámbito e competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, está

condicionado ao mantemento dos servizos esenciais fixados no artigo 2 do Decreto 155/1988 do 9 de xuño (DOG nº 116, do 20 de xuño), entre os que se atopa a sanidade.

O exercicio público da prestación da asistencia sanitaria non se pode ver afectado gravemente polo lexítimo dereito do exercicio de folga, xa que aquel é considerado e recoñecido prioritariamente en relación a este.

O artigo 3 do citado decreto faculta os conselleiros competentes, por razón dos servizos esenciais afectados, para que, mediante orde e diante de cada situación de folga, decidan o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento de tales servizos, así como para determinar o persoal necesario para a súa prestación.

Convocada folga pola asemblea de facultativos para os días 7, 9 e 14 de xuño de 2005, que afectará a todos os facultativos do Hospital Virxe da Xunqueira, outorgada audiencia ao comité de folga,

DISPOÑO:

Artigo 1º

A convocatoria de folga realizada polo asemblea de facultativos para os días 7, 9 e 14 de xuño de 2005, que afectará a todos os facultativos que prestan servizos no Hospital Virxe da Xunqueira, deberá entenderse condicionada ao mantemento dos servizos mínimos, segundo os criterios que se dispoñen nesta orde.

Os servizos mínimos que se fixan son totalmente imprescindibles para manter a axeitada cobertura dos servizos esenciais de asistencia sanitaria no centro sanitario, para os efectos de evitar que se produzan graves prexuízos aos usuarios.

Tales mínimos responden á necesidade de compatibilizar o respecto ineludible ao exercicio do dereito á folga, coa atención aos usuarios que, baixo ningún concepto, poden quedar desasistidos polas características do servizo dispensado.

E por iso, mantéñense os servizos mínimos necesarios para garantir a asistencia imprescindible a doentes hospitalizados, así como a atención urxente e permanente aos usuarios, que non poden aprazarse sen consecuencias negativas para a saúde.

Entrando na análise pormenorizada dos servizos mínimos, establécense os seguintes criterios retores para a determinación do persoal necesario para o mantemento dos servizos esenciais:

Criterios reitores:

Os criterios de determinación do persoal facultativo para a cobertura dos servizos mínimos, serán os seguintes:

I. Cobertura do 100% da actividade urxente nun triple ámbito:

-Servizos de urxencias e gardas médicas.

-Quirófanos urxentes (xerais e de tocoloxía) para a atención dos usuarios que requiran intervención cirúrxica inaprazable no seu ingreso.

-Atención aos paritorios.

II. Cobertura da actividade cirúrxica dos doentes hospitalizados, respecto ás patoloxías que poñan en perigo a súa vida ou agraven o seu estado de saúde.

III. Na área de hospitalización establecerase o número necesario para garantir as visitas médicas, a atención indefectible dos doentes hospitalizados e as altas clínicas.

IV. No ámbito de consulta atenderanse as consideradas como urxentes.

V. Garantirase a dispensación de medicamentos e de produtos sanitarios, que segundo o criterio do facultativo sexan necesarias.

VI. Garantirase, así mesmo, a realización das probas complementarias urxentes e as que se refiren aos doentes hospitalizados que, segundo o criterio do facultativo, sexan necesarias e inaprazables.

A determinación dos profesionais necesarios con base nos criterios anteriores e a súa fixación debe estar adecuadamente motivada. A xustificación debe constar no expediente de determinación de mínimos e debe exteriorizarse axeitadamente para xeral coñecemento dos destinatarios. Deberá quedar constancia no expediente dos factores ou criterios cuxa ponderación conduce a determinar as prestacións mínimas.

Os nomes dos profesionais necesarios para a cobertura dos servizos mínimos deberán ser publicados nos taboleiros de anuncios, con antelación ao inicio da folga.

Con tales premisas, no anexo desta resolución recóllese o número de efectivos de servizos mínimos para cubrir as xornadas de folga.

Artigo 2º

A designación nominal, que deberá recaer nos profesionais de xeito rotatorio, será determinada polo director-xerente e notificada aos profesionais designados.

O profesional designado como servizo mínimo, que desexe exercer o seu dereito de folga, poderá instar a substitución da súa designación por outro profesional que voluntariamente acepte o cambio de maneira expresa.

Artigo 3º

Os paros e alteracións no traballo por parte do persoal necesario para o mantemento dos servizos mínimos determinados no anexo serán considerados ilegais para os efectos do establecido no artigo 16.1º do Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo (BOE nº 58, do 9 de marzo).

Artigo 4º

O disposto nos artigos anteriores non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga lle recoñece ao persoal

nesta situación, nin tampouco sobre a tramitación e efectos das peticións que a motiven.

Artigo 5º

Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, deberanse observar as normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías dos usuarios dos establecementos sanitarios.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2005.

José Manuel González Álvarez
Conselleiro de Sanidade

ANEXO I

Centro: *Fundación Hospital Virxe da Xunqueira*.

Número de efectivos de servizos mínimos.

Categoría/servizo	Noite (das 0.00 ás 8.00 h)	Mañá	Tarde	Noite (das 22.00 ás 24.00 h)
Urxencias	1 G.P.F.	3 presenza	1 PRES+ 1 G.P.F.	1 G.P.F.
Área cirúrxica	4 G.L.	4 presenza	4 G.L.	4 G.L.
Área clínica	1 G.L.+ 1 G.P.F.	3 presenza	1 G.P.F.+ 1 G.L.	1 G.P.F.+ 1 G.L.
Servizos centrais	1 G.L.	2 presenza (*)	1 G.L.	1 G.L.
Persoal facultativo	2 G.P.F.+ 6 G.L.	12 presenza	1 PRES+ 2 G.P.F.+ 6 G.L.	2 G.P.F.+ 6 G.L.

* O xoves 9 de xuño só hai unha presenza.

P.F.= presenza física.

G.P.F.= garda presenza física.

G.L.= garda localizada.

CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

Orde do 30 de maio de 2005 pola que se establecen os criterios para o recoñecemento dos deportistas galegos de alto nivel, en desenvolvemento do Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro.

O Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes.

Na alínea «e» do artigo 3 do referido decreto, destinatarios e requisitos, establécese a necesidade de acreditar o nivel deportivo exixido na modalidade practicada, especificándose que este nivel se ten que acreditar conforme os criterios que, para estes efectos, se publiquen, unha vez consultadas as federacións deportivas galegas, por resolución da consellería competente en materia de deporte.

Publicaríase así, a Orde do 20 de xaneiro de 2004 pola que se desenvolvía o Decreto do 8 de xaneiro, establecéndose os primeiros criterios para o recoñecemento da condición de deportista galego de alto nivel.

Coa experiencia adquirida tras os anteriores procedementos de recoñecemento de deportistas, os cales rematarían coa publicación das correspondentes listas de deportistas recoñecidos como deportistas galegos de alto nivel, consultadas as federacións deportivas galegas e, a proposta da comisión galega de avaliación e seguimento dos deportistas galegos de alto nivel, creuse axeitado proceder á modificación do anexo da anterior orde de criterios, coa pretensión de gañar en homoxeneidade e cohe-

rencia vistas as exixencias e particularidades que concorren en cada deporte.

Os principais cambios afectan aos resultados obtidos en campionatos de España, aos obtidos en campionatos do Mundo no caso das probas olímpicas, e á participación nos Xogos Paralímpicos, ademais doutras matizacións no punto de aclaracións e consideracións que acompañan o cadro de criterios do anexo I.

En virtude de todo o exposto, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.-Regular e publicar os criterios para o recoñecemento da condición de deportista galego de alto nivel, que se indican no anexo I.

Disposición derogatoria

Queda derogada a anterior Orde do 20 de xaneiro de 2004 na que se establecían os criterios para o recoñecemento da condición de deportista galego de alto nivel.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral para o Deporte para ditar as instrucións oportunas para a correcta aplicación do contido nesta norma.

Segunda.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2005.

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte
e Voluntariado